



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 10 DE XUÑO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dez de xuño de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin .

Está presente o Secretario-Interventor, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado tres de xuño de dous mil trece (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS RIB/S/264.2/09.-

Visto o escrito presentado por **Dona Maria e Antonio Diz Dominguez**, con domicilio na rúa Progreso nº 44, desta Vila, onde solicita Licenza de Obras que consisten na reforma de dúas vivendas dun inmovible sito na rúa Progreso nº 44, segundo Proxecto Básico e de Execución redactado polo arquitecto Don Jose Benito Davila Fuertes visado con data 14.01.2013 e Anexo visado con data 15.05.2013.

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 5 de xuño de 2013 e informe xurídico de data 10 de xuño de 2013 no que se conclue o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licencia para reforma de dúas vivendas dun inmovible sito nar rúa Progreso nº 44, desta Vila.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse

deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Reforma de dúas vivendas.

Contía na que se orzan as obras: 145.705,83 €.

Situación e emprazamento das obras: Rúa Progreso nº 44.

Redactor do proxecto: Don José Benito Davila Fuertes.

Dirección de obras: Don José Benito Davila Fuertes.

Nome ou razón social do promotor: Dona María e Don Antonio Diz Dominguez.

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de un (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 145.705,83 euros, practícase liquidación aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, por importe de 3.788,35 €:

Importe execución material / coste da obra:	145.705,83 €
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	3.788,35 €
Aboado por autoliquidación:	0,00 €
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	3.788,35 €

Outras condicións: RESPECTO DO CUMPRIMENTO DO PEPRI:

Esta “Documentación Complementaria” ó “Proxecto Básico e de Execución para a Reforma de dúas vivendas nun edificio no Casco Histórico de Ribadavia” axústase ó sinalado no Informe Previo da Comisión de Seguimento do PEPRI, na súa sesión de data de 3 de febreiro de 2011.



RESPECTO DA FICHA PARTICULAR DO CATÁLOGO:

Observacións: Considerase fóra de ordenación a edificación anexa traseira.

Na fotografía que se inclúe na ficha, obsérvase a existencia dunha edificación na parcela que na actualidade non existe. Á vista do plano 2.1. Proposta. Catálogo, no que a totalidade da edificación principal aparece con grado de catalogación Ambiental, enténdese que a referencia á edificación fóra de ordenación é a desa construción hoxe inexistente.

RESPECTO DAS ORDENANZAS XERAIS:

Artigo 10. Patrimonio Catalogado. Nivel III: Protección Ambiental

Na “Documentación Complementaria” que se presenta, mantense o cerramento do acceso ó portal na súa ubicación actual, e preséntase o deseño da porta do portal.

Sen embargo, en base o presente artigo, tamén deberá manterse o deseño da galería existente na fachada posterior.

Ademais, en base o esixido no *artigo 9. Deberes de uso, conservación e rehabilitación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, considerase a necesidade de recuperación das condicións mínimas de ornato da edificación: fachadas laterais e fachada posterior; dado que a intervención na fachada principal e na cuberta xa contan coas correspondentes licenzas de obra.

Artigo 14: Carácter do catálogo do conxunto histórico

En base ó presente artigo, e ó Informe Previo da Comisión de Seguimento do PEPRI, na súa sesión de data de 3 de febreiro de 2011, inclúese a catalogación do portal e das escaleiras e, por tanto, a obriga do seu mantemento, coa eliminación dos escaparates engadidos do portal e o estudo da necesidade de elevar a altura da varanda das escaleiras, por seguridade de uso, mediante algún elemento lixeiro que non distorsione as súas características.

Artigo 58. Supresión de cables e antenas

Na “Documentación Complementaria” que se presenta, proxéctase a colocación dos contadores de abastecemento de auga e de electricidade, así como a caixa xeral de protección eléctrica, no interior do portal da edificación, polo que se cumpre o presente artigo.

RESPECTO DO CUMPRIMENTO DO DECRETO 29/2010, DO 4 DE MARZO, POLO QUE SE APROBAN AS NORMAS DE HABITABILIDADE DE VIVENDAS DE GALICIA:

A “Documentación Complementaria” e o Proxecto presentado desenrolan o Anteprojecto que obtivo o Informe favorable da Comisión de Seguimento do PEPRI, na súa sesión de data de 3 de febreiro de 2011, respecto á concesión da Excepcionalidade do cumprimento das Normas de Habitabilidade.

Transcríbese a continuación o recollido no Informe Técnico aprobado na nomeada Comisión de Seguimento, corríndose os erros respecto das superficies útiles:

VIVENDA 1º A

		NORMATIVA	ANTEPROXECTO
I.A.3.1.1. Superficies estancias	Cociña + estar (E1)	superf. útil \geq 25,00 m ²	superf. útil = 22,63 m ²



I.A.3.2.2.3. Almacenamento Xeral		Na vivenda: superf. $\geq 1,00 \text{ m}^2$	superf. útil = $0,72 \text{ m}^2$
I.A.3.2.2.4. Cuarto de baño		superf. útil $\geq 5,00 \text{ m}^2$	superf. útil = $4,97 \text{ m}^2$
I.A.3.2.2.7. Tendal		Na vivenda: superf. $\geq 1,50 \text{ m}^2$	No BC: superf. $\geq 6,96 \text{ m}^2$

VIVENDA 1º B

		NORMATIVA	ANTEPROXECTO
I.A.3.1.1. Superficies estancias	Cociña + estar (E1)	superf. útil $\geq 25,00 \text{ m}^2$	superf. útil = $22,36 \text{ m}^2$
I.A.3.2.2.4. Cuarto de baño		superf. útil $\geq 5,00 \text{ m}^2$	superf. útil = $4,97 \text{ m}^2$
I.A.3.2.2.7. Tendal		Na vivenda: superf. $\geq 1,50 \text{ m}^2$	No BC: superf. $\geq 6,96 \text{ m}^2$

VIVENDA 2º A

		NORMATIVA	ANTEPROXECTO
I.A.3.1.1. Superficies estancias	Cociña + estar (E1)	superf. útil $\geq 25,00 \text{ m}^2$	superf. útil = $24,55 \text{ m}^2$
I.A.3.2.2.3. Almacenamento Xeral		Na vivenda: superf. $\geq 1,00 \text{ m}^2$	superf. útil = $0,72 \text{ m}^2$
I.A.3.2.2.4. Cuarto de baño		superf. útil $\geq 5,00 \text{ m}^2$	superf. útil = $4,97 \text{ m}^2$
I.A.3.2.2.7. Tendal		Na vivenda: superf. $\geq 1,50 \text{ m}^2$	No BC: superf. $\geq 6,96 \text{ m}^2$

VIVENDA 2º B

		NORMATIVA	ANTEPROXECTO
I.A.3.2.2.4. Cuarto de baño		superf. útil $\geq 5,00 \text{ m}^2$	superf. útil = $4,97 \text{ m}^2$
I.A.3.2.2.7. Tendal		Na vivenda: superf. $\geq 1,50 \text{ m}^2$	No BC: superf. $\geq 6,96 \text{ m}^2$

Todos estes elementos recóllense no punto I.A.3 do Anexo I, polo que a concesión da súa Excepcionalidade axústase ó sinalado no *Anexo II. Regulación do trámite de excepción* do citado *Decreto 29/2010*:

II.3. Trámite de excepción en actuacións de rehabilitación ou ampliación en edificacións ou vivendas existentes, ou en soares residuais en núcleos históricos ou núcleos rurais tradicionais.

1. Criterios ou condicións determinantes da excepción.

d) Cando as condicións dos elementos que se van conservar, por aplicación da normativa sectorial ou do planeamento municipal, fagan imposible o cumprimento das determinacións destas normas.


2. Elementos e condicións que poden ser exceptuados.

2.4. No caso de que a causa determinante da excepción sexa a recollida na letra D poderá exceptuarse o cumprimento das seguintes determinacións:

- O cumprimento das determinacións dos puntos: I.A.1, I.A.2, I.A.3 do anexo I.

Xa que as vivendas ubícanse nun edificio situado no ámbito do Casco Histórico e incluído no Catálogo do Plan Especial de Protección e Reforma Interior cun Grado de Protección Ambiental, o que implica a protección das fachadas e, por tanto, a imposibilidade de xerar beirís que aumentasen a superficie útil das estancias.

Por todo elo, infórmase favorablemente á concesión da Excepcionalidade do cumprimento das Normas de Habitabilidade, segundo o establecido no *Capítulo V. Trámite de Excepción* do Decreto 29/2010, respecto á:



- Na vivenda 1º A: superficie útil da cociña - estancia principal, superficie útil do almacenamento xeral, superficie útil do cuarto de baño e da disposición do tendal no interior da vivenda; puntos I.A.3.1.1., I.A.3.2.2.3, I.A.3.2.2.4 e I.A.3.2.2.7, respectivamente.
- Na vivenda 1º B: superficie útil da cociña - estancia principal, superficie útil do cuarto de baño e da disposición do tendal no interior da vivenda; puntos I.A.3.1.1., I.A.3.2.2.4 e I.A.3.2.2.7, respectivamente.
- Na vivenda 2º A: superficie útil da cociña - estancia principal, superficie útil do almacenamento xeral, superficie útil do cuarto de baño e da disposición do tendal no interior da vivenda; puntos I.A.3.1.1., I.A.3.2.2.3, I.A.3.2.2.4 e I.A.3.2.2.7, respectivamente.
- Na vivenda 2º B: superficie útil do cuarto de baño e da disposición do tendal no interior da vivenda; puntos I.A.3.2.2.4 e I.A.3.2.2.7, respectivamente.

RESPECTO DO CUMPRIMENTO DA RESTANTE NORMATIVA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO:

No Proxecto entregado inclúese a memoria xustificativa do cumprimento do Código Técnico da Edificación, CTE, da xestión dos residuos e o plan de control de calidade. Inclúese, así mesmo, o correspondente Estudio de Seguridade e Saúde.

Na “Documentación Complementaria” que se presenta, achégase documentación planimétrica do esquema estrutural da zona de actuación, incluíndo as escaleiras, así como a xustificación de non afección estrutural da zona esquerda da edificación, na que non se actúa (DB SE. Seguridade estrutural).

Así mesmo, na planimetría da “Documentación Complementaria” consta o sistema de ventilación dos cuartos de baño (DB HS 3. Calidade do aire interior).

En caso de ser necesaria a execución de novas conexións coa rede municipal de abastecemento de auga e coa rede de saneamento municipal deberá de realizarse a correspondente solicitude de Licenza de Obras, coa finalidade de obter as condicións de execución fixadas pola empresa concesionaria dos servizos.

En base a todo o exposto anteriormente infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada, debéndose cumprir as condicións técnicas sinaladas neste Informe.

Antes do inicio das Obras deberá presentarse os correspondentes Oficios de Dirección da Execución das Obras e de Coordinación en Seguridade e Saúde”.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

Non houbo.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:



- Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, comunicando Resolución relativo a expediente de aproveitamento de 0,00289 l/s de auga procedente de tres pozos en Santo André de Camporredondo, no término municipal de Ribadavia (Ourense), solicitado pola Conselleria de Medio Rural e do Mar.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de Maio 2013, por importe de 1.891 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº3/13.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº3 /13, por importe de 19.616,50 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

APROBACION LIQUIDACIÓN 2012 REMITIDA POLA DEPUTACION PROVINCIAL RELATIVA A XESTION DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS DE RIBADAVIA.-

Visto o Decreto da Presidencia da Deputación Provincial de data 21 de marzo de 2013, recibido neste Concello con data 05.06.2013 relativo a xestión de residuos solidos urbanos de Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar aprobación a liquidación correspondente o ano 2012 conforme o seguinte detalle:

- a) Estado de Gastos: 71.491,48 euros.
 - b) Estado de Ingresos: 9.171,30.
- Importe a ingresar a Deputación: 62.320,18 euros.

2º.- Notificar o presente acordo os servicios de Intervención e Tesoureria os efectos oportunos.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas da mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

